




BOLETÍN INFORMATIVO

XUÑO 2012

1. AXUDAS E SUBVENCIONS PARA EMPRESAS E PARTICULARES:

- A. LIÑA RE-IMAXINA / PEME XOVE (IGAPE)
- B. LIÑA RE-IMAXINA / MICROCRÉDITOS (IGAPE)
- C. LIÑA RE-IMAXINA/PEME COMPETITIVA (IGAPE)
- D. SUBVENCIONS CREACION HOTEIS BALNEARIO E HOTEIS TALASO (CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA)
- E. SUBVENCION MELLORA RESTAURANTES E ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS (CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA)

APE-GALICIA



AXUDAS E SUBVENCIONS PARA EMPRESAS E PARTICULARES:

A. LIÑA RE-IMAXINA / PEME XOVE (IGAPE):

OBXECTO: Créditos para financiar investimentos en proxectos emprendedores galegos.

BENEFICIARIOS: Pemes e persoas físicas ou xurídicas, agrupacións, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda sen personalidade xurídica leven a cabo as actividades subvencionables, que exerzan a súa actividade económica **en Galicia**, e que **non** desenvolveran a **mesma actividade** para a que solicita o financiamento nun prazo superior a **dous anos** a contar dende a data de presentación no Igape, directamente ou mediante participación no capital doutra sociedade.



Non poderán ser beneficiarias das liñas de financiamento contempladas nestas bases as **empresas en crise, nin as dedicadas a actividades de exportación** creación de redes de distribución e investimentos vinculados a actividade de exportación, e as actividades do sector do **carbón**.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

- **Importe do préstamo:** mínimo 25.000 euros e máximo 120.000 €.
- **Importe subvencionable:** ata o 90% dos investimentos financiáveis.
- **O prazo de reembolso** será entre 5 e 7 anos, incluído ata 1 ano de carencia na amortización do principal.
- A operación financeira poderá ser **amortizada sen custo de forma anticipada**, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario.
- As entidades de crédito adheridas **non lles repercutirán aos prestameiros** e avalados **ningún tipo de gasto ou comisión** derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.
- Garantías da operación. As operacións formalizadas ao abeiro destas bases contarán co **aval dunha sociedade de garantía recíproca polo 100%** do importe do financiamento. Pola parte non avalada non requirirán outra garantía adicional máis que as persoas da/s propia/s persoa/s que promovan ou desenvolvan a actividade empresarial e os seus socios, podendo figurar tamén como avalistas os cónxuxes, ou parellas de feito.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

- O proxecto investidor deberá consistir na adquisición de activos a terceiros. Con carácter xeral, serán financiábeis os seguintes conceptos:
- Inmobilizado material.
- Inmobilizado inmaterial.
- Aprovisionamentos e gastos necesarios para a posta en marcha do proxecto, incluíndo gastos de establecemento, cun máximo do 20% do importe financiábeis.
- Bens usados e investimentos realizados con posterioridade ó 1 de Xaneiro de 2012.

CONTÍA DAS AXUDAS: Por cada operación aprobada, o Igape aboará ás entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca o 13,10% do importe do préstamo subvencionábeis, dos cales 9,85 puntos porcentuais serán aboados á entidade de crédito; e 3,25 á sociedade de garantía recíproca en todas as liñas, ambas as achegas cun mínimo de 250 € por operación.

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: Ata o 14/09/2012

MAIS INFORMACIÓN:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120625/AnuncioO92-180612-0001_gl.html

B. LIÑA RE-IMAXINA MICROCRÉDITOS 2012 (IGAPE):

OBXECTO: Acceso ó financiamento das **microempresas** mediante préstamos.

BENEFICIARIOS: Empresas, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens o calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda sen personalidade xurídica leven a cabo as actividades subvencionábeis, con domicilio fiscal en Galicia e menos de 10 traballadores, cunha cifra de negocios anual ou balance xeral que non supere os 2 millóns de euros



Non poderán ser beneficiarias das liñas de financiamento contempladas nestas bases as **empresas en crise, nin as dedicadas a actividades de exportación** creación de redes de distribución e investimentos vinculados a actividade de exportación, e as actividades do sector do **carbón**.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

- **Importe do préstamo:** máximo 25.000 euros.
- **Importe subvencionable:** ata o 100% dos investimentos financiáveis.
- **O prazo de reembolso** será de 5 anos, incluído ata 1 ano de carencia na amortización do principal.
- A operación financeira poderá ser **amortizada sen custo de forma anticipada**, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario.
- As entidades de crédito adheridas **non lles repercutirán aos prestameiros** e avalados **ningún tipo de gasto ou comisión** derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.
- Garantías da operación. As operacións formalizadas ao abeiro destas bases contarán co **aval dunha sociedade de garantía recíproca polo 100%** do importe do financiamento. Pola parte non avalada non requirirán outra garantía adicional máis que as persoais da/s propia/s persoa/s que promovan ou desenvolvan a actividade empresarial e os seus socios, podendo figurar tamén como avalistas os cónxuxes, ou parellas de feito.



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

- O proxecto investidor deberá consistir na adquisición de activos a terceiros. Con carácter xeral, serán financiáveis os seguintes conceptos:
- Inmobilizado material de primeiro uso, agás adquisición de terreos e edificacións (reforma e axeitamento do local, bens de equipo...)
- Inmobilizado intanxible (únicamente aplicación informáticas, propiedade industrial ou intelectual...)
- Bens usados e investimentos realizados con posterioridade ó 1 de Xaneiro de 2012.

CONTÍA DAS AXUDAS: Por cada operación aprobada, o Igape aboará ás entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca o 11,8% do importe do préstamo subvencionable, dos cales 8,13 puntos porcentuais serán aboados á entidade de crédito; e 3,25 á sociedade de garantía recíproca en todas as liñas, ambas as achegas cun mínimo de 250 € por operación.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: 14/09/12

MAISINFORMACIÓN:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120625/AnuncioO92-180612-0001_gl.html

C. PROGRAMA RE-IMAXINA LIÑA PEME COMPETITIVA (IGAPE):

OBXECTO: Créditos para financiar melloras en competitividade



BENEFICIARIOS: Pemes e persoas físicas ou xurídicas, agrupacións, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda sen personalidade xurídica leven a cabo as actividades subvencionables, que exerzan a súa actividade económica **en Galicia**, e que **desenvolveran a mesma actividade** para a que solicita o financiamento nun prazo superior a **dous anos**.

SECTORES INCENTIVABLES:

Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, industrias extractivas, manufactureiras, construción, comercio, transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicación e servizos auxiliares.

REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO:

- **Importe do préstamo:** mínimo 25.000 euros e máximo de 120.000.
- **Importe subvencionable:** ata o 75% dos investimentos financiáveis.
- **O prazo de reembolso** será entre 5 e 7 anos, incluído ata 1 ano de carencia na amortización do principal.
- A operación financeira poderá ser **amortizada sen custo de forma anticipada**, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario.
- As entidades de crédito adheridas **non lles repercutirán aos prestameiros** e avalados **ningún tipo de gasto ou comisión** derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.
- Garantías da operación. As operacións formalizadas ao abeiro destas bases contarán co **aval dunha sociedade de garantía recíproca polo 100%** do importe do financiamento. Poderán requirirse garantías reais sobre os bens afectos á actividade.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

- O proxecto investidor deberá consistir na adquisición de activos a terceiros. Con carácter xeral, serán financiáveis os seguintes conceptos:
- Inmobilizado material de primeiro uso, agás adquisición de terreos e edificacións (reforma e axeitamento de local, bens de equipo,..)

- Inmobilizado inmaterial novo adquirido a terceiros (únicamente aplicación informáticas, propiedade industrial ou intelectual...)
- Investimentos en Investigación e Desenvolvemento (persoal, materiais, cursos...), cun máximo do 25% do importe financiable.

CONTÍA DAS AXUDAS: Por cada operación aprobada, o Igape aboará ás entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca o 13,10% do importe do préstamo subvencionable, dos cales 9,85 puntos porcentuais serán aboados á entidade de crédito; e 3,25 á sociedade de garantía recíproca en todas as liñas, ambas as achegas cun mínimo de 250 € por operación.

•


PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 14/09/12

MAIS INFORMACIÓN:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120625/Anuncio092-180612-0001_gl.html

D. **SUBVENCIÓN A ENTIDADES PRIVADAS PARA A CREACIÓN DE HOTEIS BALNEARIO E TALASO (CONSELLERÍA PRESIDENCIA):**

BENEFICIARIOS POTENCIAIS: **persoas físicas ou xurídicas ou comunidades de bens** que reúnan os requisitos e sexan titulares dos establecementos hoteleiros nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención. Os titulares dos hotéis que se subvencionen terán que ser propietarios dos inmobles ou ben ter un dereito sobre eles, acreditada por calquera título válido en dereito, outorgado en escritura pública e inscrito no Rexistro da Propiedade, con pleno uso e disfrute dos inmobles e/ou dos predios.



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Equipamento subvencionable para habitacións, espazos común e espazo balneario: detallarase a través dunha relación por partidas, sen que no seu importe estea engadido o IVE, e calcularase en función da categoría e, no caso do equipamento para habitacións, do número de cuartos.

En particular considérase investimento subvencionable a **execución material das obras que se acometan** para a creación dos establecementos obxecto desta resolución. Igualmente, de ser o caso, a adecuación do contorno, as **actuacións de recuperación dos elementos de arquitectura tradicional** existentes e os honorarios técnicos.

Queda expresamente excluído do ámbito de aplicación desta resolución louza análogos, e a adquisición de terreos.

Para os efectos de cálculo do investimento subvencionable, os honorarios técnicos de redacción de proxecto e dirección de obra non serán superiores ao 8% do orzamento de execución material subvencionable.

Unicamente poderán recibir subvención, no caso de pemes, aqueles proxectos que se executen unha vez confirmada pola Secretaría Xeral para o Turismo a súa elixibilidade.

CONTÍA DAS AXUDAS: ata o 40% sobre o investimento subvencionable no caso de pemes e ata o 30% sobre o custo elixible no caso de grandes empresas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o 02/08/2012

MAIS INFORMACIÓN:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120702/AnuncioC3C1-220612-0003_gl.html

E. SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS RESTAURANTES OU HOTELEIROS:

BENEFICIARIOS POTENCIAIS: **persoas físicas ou xurídicas ou comunidades de bens** que reúnan os requisitos e sexan **titulares dos establecementos** nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención. Os titulares dos hoteis que se subvencionen terán que ser **proprietarios** dos inmobles ou ben ter un **dereito sobre eles**, acreditada por calquera título válido en dereito, con **pleno uso e desfrute** dos inmobles e/ou dos predios. A empresa solicitante deberá ter a **actividade turística** para a que solicita a axuda **inscrita**, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT)

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

A.– Mellora nas instalacións (obras para accesibilidade, sustentabilidade, renovación e mellora...)

B.– Mellora de servizos dos establecementos (accesibilidade, ampliación de tecnoloxías...) queda excluído o mobiliario, a lenzaría, obxectos domésticos, louza e análogos, e a adquisición de terreos.

Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior a 50.000 euros no caso de contratos de obras, ou igual ou superior aos 18.000 euros cando se trate





doutros contratos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación.

Unicamente poderán recibir subvención aqueles proxectos que se inicien e executen a partir do 1 de xaneiro de 2012.

CONTÍA DAS AXUDAS: ata o 40% sobre o investimento subvencionable, sempre que non se superen os límites máximos de axuda establecidos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o 30/07/2012

MAIS INFORMACIÓN:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120629/AnuncioC3C1-220612-0001_gl.html

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120629/AnuncioC3C1-220612-0002_gl.html